



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente: 2023000021366

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN TITULARES E SUPLENTES DA COMISIÓN DE ESTUDO POLÍTICO TÉCNICA SOBRE A XESTIÓN ECONÓMICA DO NOVO ESPAZO DIXITAL PROVINCIAL PREVISTO NO PROXECTO ECOSISTEMA DIXITAL DO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO (CEI)

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 28 de abril de 2023, tomouse o acordo de constituír unha comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital provincial previsto no proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA,) Coruña Estudio Inmersivo (CEI), nos seguintes termos:

1º. Constituír unha Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital xerado polo desenvolvemento do proxecto provincial “Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA), Coruña Estudio Inmersivo (CEI)

2º. A Comisión de estudo referida no apartado primeiro estará composta por:

- O Presidente da Deputación da Coruña, que actuará como Presidente
 - Un/unha representante designado/a polos grupos políticos provinciais:
 - Grupo Provincial do Partido Popular
 - Grupo Provincial do Partido Socialista
 - Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego
 - Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños
 - Grupo Provincial de Marea Atlántica
 - Un/unha representante designado/a polo Clúster Audiovisual Galego
 - Interventor Xeral
 - Secretaria Xeral
 - Xefe de servizo de Patrimonio e Contratación
 - Xefe de servizo de Arquitectura e Mantemento
 - Xefe de Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
 - Coordinadora do Plan de Emprego Local, que actuará como Secretaria
- Coa designación de cada representante deberá nomearse unha persoa suplente.

3º. Encomendar á Comisión político técnica constituída a preparación dos documentos seguintes:

a) Memoria relativa á xestión do servizo público provincial “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”, na que se inclúan os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica a desenvolver.

b) Informe sobre a viabilidade e normativa para o uso da infraestrutura “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.

c) Proposta á Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público provincial “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.

d) Proposta de Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do servizo público “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO” na modalidade de concesión.

e) Proposta de Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do servizo público “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.

4º. Facultar á Presidencia da Deputación para que poida encomendar á Comisión político técnica constituída a realización das tarefas que se estimen oportunas.

Considerando que con carácter previo á reunión constitutiva da devandita Comisión debe nomearse, por resolución da Presidencia, ás personas integrantes da mesma así como aos seus substitutos/as.

Considerando que no servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica consta a identificación tanto de titulares e suplentes realizada polos distintos grupos políticos provinciais e o Clúster Audiovisual Galego, así como dos/as suplentes dos distintos técnicos/as provinciais integrantes da Comisión.

RESOLVO:

Primero:

Nomear como membros da Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital provincial previsto no proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA) Coruña Estudo Inmersivo (CEI) ás seguintes persoas:

Presidencia:

Valentín González Formoso, e en substitución deste a Xosé Requeira Varela

Membros:

- Polo Grupo Provincial Popular: Roberto Rodríguez Martínez, e en substitución deste a Izaskun García Gorostizu
- Polo Grupo Provincial Socialista: José Ramón Rioboo Castro, e en substitución deste Bernardo Fernández Piñeiro
- Polo Grupo Provincial do BNG: María del Carmen Muiño Filgueira, e en substitución desta a Xosé Xurxo Couto Rodríguez
- Polo Grupo Provincial Alternativa dos Veciños: Ángel García Seoane
- Polo Grupo Provincial Marea Atlántica: Alberto Lema Suárez
- Polo Clúster Audiovisual Galego: Alfonso Blanco Bembibre, e en substitución deste a Jesús Manuel López Cernadas
- Secretaria Xeral: Amparo Taboada Gil, e en substitución desta a Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior
- Interventor Xeral: José Manuel Pardellas Rivera, e en substitución deste a Juan Bautista Suárez Ramos, Interventor Adxunto
- Xefe de servizo de Patrimonio e Contratación: Luis Jaime Rodríguez Fernández, e en substitución deste a Beatriz Méndez López, xefa de sección de Contratación II
- Xefe de servizo de Arquitectura e Mantemento: Daniel Beiras García-Sabell, e en substitución deste a Marina Cabana González, arquitecta técnica do servizo de Arquitectura e Mantemento
- Xefe de servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica: Manuel Vázquez Sesmonde, e en substitución deste a José Manuel Sambad Mato, xefe de sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente

Secretaría:

María Luisa Lista Ameneiro, coordinadora do Plan de Emprego Local, e en substitución desta a María del Carmen Villar Rodríguez, técnica de xestión de proxectos do servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Segundo:

Publicar o devandito nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal da Transparencia da deputación provincial da Coruña

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición ante o Presidente desta Deputación, no prazo dun mes a contar desde a publicación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de poder exercitar calquera outro que se estime procedente.